

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11930 *Real decreto 1083/2009, do 3 de xullo, polo que se regula a memoria da análise de impacto normativo.*

A mellora da calidade das normas constituíuse nunha prioridade para o conxunto dos países do noso contorno ao longo dos últimos anos debido, entre outros factores, ao papel que os ordenamentos xurídicos xogan como motor do desenvolvemento sustentable, a competitividade e a creación de emprego, e independentemente do fin último que debe cumprir toda norma, que non é outro que o de garantir a seguraza xurídica dos cidadáns como destinatarios finais desta.

Neste sentido, xa na Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo, do 16 de marzo de 2005, «Lexislar mellor para potenciar o crecemento e o emprego na Unión Europea», a Comisión recomendaba que todos os Estados membros establecesen estratexias para lexislar mellor e, en particular, sistemas nacionais de avaliación de impacto que permitisen determinar as consecuencias económicas, sociais e ambientais dunha norma, así como as estruturas de apoio adaptadas ás súas circunstancias nacionais.

De acordo con estes obxectivos, o Goberno aprobou nos últimos anos un conxunto de medidas para impulsar a mellora da regulación e da actuación da Administración.

En liña co anterior, este real decreto ten por obxecto precisar o contido das memorias, estudos e informes sobre a necesidade e oportunidade das normas proxectadas, así como da memoria económica e do informe sobre o impacto por razón de xénero, que deben acompañar os anteproxectos de lei e os proxectos de regulamento, aos cales fan referencia os artigos 22 e 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, que foron modificados pola Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno, valoración que reiterou a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

A finalidade última da memoria da análise de impacto normativo será garantir que á hora de elaborar e aprobar un proxecto se conte coa información necesaria para estimar o impacto que a norma suporá para os seus destinatarios e axentes. Para iso, resulta imprescindible motivar a necesidade e a oportunidade da norma proxectada, valorar as diferentes alternativas existentes para a consecución dos fins que se buscan e analizar detalladamente as consecuencias xurídicas e económicas, especialmente sobre a competencia, que se derivarán para os axentes afectados, así como a súa incidencia desde o punto de vista orzamentario, de impacto de xénero, e na orde constitucional de distribución de competencias.

Co propósito de sistematizar e simplificar os citados informes e memorias, que deben acompañar os anteproxectos e proxectos normativos do Goberno, para que redunden nunha mellor comprensión e entendemento por parte dos órganos competentes dos seus obxectivos últimos, neste real decreto establécese que estes se incluírán nun único documento que levará por rúbrica «Memoria da análise de impacto normativo». Para o apoio aos distintos departamentos ministeriais na elaboración da citada memoria, o Consello de Ministros aprobará unha guía metodolóxica que elaborarán os ministerios da Presidencia, de Economía e Facenda, de Política Territorial e de Igualdade. Neste ámbito, e co fin de aclarar as competencias que corresponden á Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos, e de acordo co parecer polo Consello de Estado no Ditame 419/2009 emitido sobre este real decreto, abórdase na disposición derradeira primeira a modificación do artigo 6.2, alíneas e) e j), do Estatuto da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e Calidade dos Servizos aprobado polo Real decreto 1418/2006, do 1 de decembro, no sentido de excluír das atribucións da citada Axencia as competencias correspondentes á análise de impacto normativo.

Esta modificación contribuirá a mellorar o panorama normativo que existe actualmente sobre a materia, reunindo nun só centro directivo, a Dirección Xeral de Organización Administrativa e Procedementos, da Secretaría de Estado para a Función Pública do Ministerio da Presidencia, a responsabilidade para impulsar e fomentar a realización da análise de impacto normativo dos novos proxectos, e isto sen prexuízo da colaboración que se poida solicitar da citada Axencia en materia de fomento da calidade e mellora dos servizos públicos.

Na regulación do seu contido prestouse especial atención á valoración do impacto económico das propostas, entendida como un concepto máis amplo que a estimación do custo orzamentario e facendo fincapé no impacto sobre a competencia, así como á adecuación do proxecto á orde constitucional de distribución de competencias. Outros aspectos destacables que reciben un tratamento singular na regulación desta memoria da análise de impacto normativo son, como se mencionou, a identificación dos obxectivos da proposta, a análise das alternativas existentes, tanto normativas como de calquera outra natureza, e a información sobre as consultas realizadas aos axentes afectados.

Polo que respecta aos informes de impacto por razón de xénero, son unha ferramenta eficaz para introducir o principio de igualdade nas políticas públicas a través dos plans e das normas legais, facilitando unha toma de decisións baseada nunha mellor información: os posibles efectos que vaia producir a medida sobre homes e mulleres, advertindo a aqueles que a propoñen sobre as consecuencias desexadas e as non desexadas e propoñendo, se é o caso, a súa modificación. Trátase, por tanto, dunha análise previa á aprobación da norma, co obxecto de garantir que todas as políticas públicas contribúan ao obxectivo da igualdade e a unha maior cohesión social desde a perspectiva de xénero. A este respecto, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ordena ao Goberno que desenvolva regulamentariamente a xa mencionada Lei 30/2003, do 13 de outubro, coa precisión dos indicadores que se deben ter en conta para a elaboración do informe de impacto por razón de xénero.

Finalmente, cabe mencionar a complementariedade existente entre este real decreto e as directrices de técnica normativa aprobadas polo Consello de Ministros mediante o acordo do 22 de xullo de 2005 no obxectivo último común de mellora da calidade normativa.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia, da ministra de Economía e Facenda, do ministro de Política Territorial e da ministra de Igualdade, co informe previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto desenvolver as previsións contidas nos artigos 22.2 e 24.1.a) e 24.1.b), parágrafo segundo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

2. As memorias, estudos e informes que se recollen nos artigos a que se refire o número anterior incluíranse nun único documento que se denominará «Memoria da análise de impacto normativo», que deberá redactar o órgano ou centro directivo propoñente do proxecto normativo de forma simultánea á súa elaboración.

3. Non é obxecto deste real decreto a regulación dos informes preceptivos que sobre os anteprojectos e proxectos deben elaborar as secretarías xerais técnicas, nin as outras consultas, ditames ou informes previstos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, que se poidan demandar ao longo do procedemento de elaboración da norma.

Artigo 2. *Estrutura e contido da memoria da análise de impacto normativo.*

1. A memoria da análise de impacto normativo deberá conter as seguintes alíneas:

a) Oportunidade da proposta.

b) Contido e análise xurídica, que incluírá a listaxe pormenorizada das normas que quedarán derogadas como consecuencia da entrada en vigor da norma.

c) Análise sobre a adecuación da norma proposta á orde de distribución de competencias.

d) Impacto económico e orzamentario, que comprenderá o impacto sobre os sectores, colectivos ou axentes afectados pola norma, incluído o efecto sobre a competencia, así como a detección e medición das cargas administrativas.

e) Impacto por razón de xénero: analizaranse e valoraranse os resultados que se poidan seguir da aprobación do proxecto desde a perspectiva da eliminación de desigualdades e da súa contribución á consecución dos obxectivos de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, a partir dos indicadores de situación de partida, de previsión de resultados e de previsión de impacto recollidos na guía metodolóxica a que se refire a disposición adicional primeira.

2. A memoria da análise de impacto normativo incluírá calquera outro extremo que poida ser relevante a criterio do órgano propoñente, prestando especial atención aos impactos de carácter social e ambiental e ao impacto en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

3. O ministerio ou centro directivo competente para a realización da memoria actualizará o seu contido coas novidades significativas que se produzan durante o procedemento de tramitación.

En especial, a versión definitiva da memoria incluírá a referencia ás consultas realizadas no trámite de audiencia, en particular ás comunidades autónomas, e outros informes ou ditames exixidos polo ordenamento xurídico emitidos durante a tramitación, con obxecto de que quede reflectido o modo en que as observacións contidas nestes, así como o resultado do trámite de audiencia, fosen tidas en consideración polo órgano propoñente da norma.

4. Para a realización e estruturación da memoria da análise de impacto normativo atenderanse as indicacións contidas na guía metodolóxica a que se refire a disposición adicional primeira.

Artigo 3. *Memoria abreviada.*

1. Cando se coide que da proposta normativa non derivan impactos apreciables nalgún dos ámbitos, de forma que non corresponda a presentación dunha memoria completa, realizarase unha memoria abreviada que deberá incluír, polo menos, os seguintes puntos: oportunidade da norma; listaxe das normas que quedan derogadas; impacto orzamentario e impacto por razón de xénero. A este respecto a guía metodolóxica a que se refire a disposición adicional primeira incluírá indicacións do contido preciso da memoria abreviada.

2. O órgano ou órganos propoñentes deberán xustificar oportunamente na propia memoria os motivos da súa elaboración abreviada.

Disposición adicional primeira. *Elaboración dunha guía metodolóxica.*

Por proposta dos titulares dos ministerios da Presidencia, Economía e Facenda, Política Territorial e Igualdade elevarase ao Consello de Ministros, para a súa aprobación antes do 31 de decembro de 2009, unha guía metodolóxica que se deberá seguir na elaboración da memoria da análise de impacto normativo.

Disposición adicional segunda. *Anteproxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado.*

A documentación que deberá acompañar o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, será a establecida no artigo 37.2 da Lei 47/2003, do 26 de decembro, xeral orzamentaria.

Anualmente, na orde do Ministerio de Economía e Facenda pola que se ditan normas para a elaboración dos orzamentos xerais do Estado, incluíranse as oportunas instrucións para a avaliación do impacto de xénero.

Disposición adicional terceira. *Informe sobre o impacto por razón de xénero nos proxectos de plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística sometidos á aprobación do Consello de Ministros e nas convocatorias de probas selectivas para o acceso ao emprego público.*

As previsións deste real decreto relativas ao informe sobre o impacto por razón de xénero serán tamén aplicables aos proxectos de plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística sometidos á aprobación do Consello de Ministros e ás convocatorias de probas selectivas para o acceso ao emprego público, nos termos establecidos nos artigos 19 e 55 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde da Presidencia do Goberno do 4 de febreiro de 1980 sobre normas para a elaboración da memoria económica xustificativa dos proxectos de leis e disposicións administrativas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Estatuto da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos, aprobado polo Real decreto 1418/2006, do 1 de decembro.*

O Estatuto da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos, aprobado polo Real decreto 1418/2006, do 1 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a alínea e) do artigo 6.2 do Estatuto, que queda redactado da seguinte forma:

«e) Realizar informes sobre as avaliacións de programas públicos, os seus resultados, impacto e utilización, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos pola lexislación vixente.»

Dous. Derrógase a alínea j) do artigo 6.2. do Estatuto.

Disposición derradeira segunda *Proxectos normativos en tramitación.*

Este real decreto non será de aplicación para aqueles proxectos normativos que iniciasen a súa tramitación con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto, unha vez publicado no «Boletín Oficial del Estado», entrará en vigor o día seguinte ao da aprobación polo Consello de Ministros da guía metodolóxica a que se refire a disposición adicional primeira e, en todo caso, o 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ